

Resolución do 16 de xullo de 2024 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se convoca o II Premio ConVivimos 2024 de convivencia e bienestar emocional para os centros docentes públicos dependentes desta consellería durante o curso escolar 2023/24

Aprender a convivir é unha aprendizaxe por si mesma que serve para mellorar e fomentar as aprendizaxes en todos os ámbitos da vida dunha persoa. Medrar nun ambiente emocionalmente estable e nun clima de seguridade, convértese nun aspecto imprescindible para construír un proxecto de desenvolvemento integral da persoa. Unha educación de calidade que outorgue á comunidade educativa un clima de bienestar e convivencia nas aulas é resultado da cooperación entre o alumnado, o profesorado, as familias, os centros, as administracións, as institucións e a sociedade no seu conxunto.

A convivencia escolar constrúese a través de todas as persoas que forman parte da comunidade educativa; esta construción será positiva si é realizada desde o respecto aos demais, a aceptación das diferenzas, a participación responsable na vida cidadá en igualdade, coa finalidade de favorecer a resolución pacífica de posibles conflitos.

Os centros educativos teñen a responsabilidade de transmitir ao alumnado aqueles principios, valores, competencias e habilidades necesarias para favorecer unha convivencia positiva e un apropiado desenvolvemento das competencias emocionais, tanto na contorna escolar como na sociedade. Traballando a convivencia escolar positiva e o bienestar emocional, estase a fomentar que o alumnado se sinta parte do centro educativo ao mesmo tempo que se lle proporcionan as ferramentas precisas para respectar tanto os dereitos individuais como sociais das persoas, fomentan condicións oportunas para o autocoidado e a autoestima. O feito de que o alumnado galego se sinta respectado, valorado, acollido, que sexa quen de participar de xeito activo na vida do centro e tomar decisións, dará lugar á diminución de conflitos, á eliminación das diferentes formas de violencia e a corresponsabilidade na convivencia, así como aumentará o sentimento de pertenza e implicación na comunidade educativa.



O contexto educativo galego está, actualmente, moi comprometido coa transformación dixital e coa sociedade, polo cal tamén é preciso adaptarse ás novas realidades que están a incorporar múltiples contextos virtuais así como seguir traballando na mellora da xestión emocional da comunidade educativa. Todo isto implica o desenvolvemento de habilidades sociais e valores morais que contribúan a mellorar o proceso de ensino e aprendizaxe no ámbito da convivencia, e que non se limite só ao contexto educativo senón que tamén se estenda aos espazos reais e aos virtuais de aprendizaxe, á mellora da competencia dixital e á adopción de novas formas de relación respectuosas cos dereitos de todas as persoas que forman a sociedade actual.

Unha convivencia positiva require dun proceso continuo de planificación e implementación de procesos de innovación e mellora nos centros educativos que permita ofrecer unha educación de calidade que garanta a igualdade de oportunidades a todo o alumnado contando coa participación de todos os integrantes da comunidade educativa.

A convivencia, como principio fundamental do sistema educativo, está presente en diferentes documentos:

- A Declaración Universal dos Dereitos Humanos (1948, art.26) recolle que "toda persoa ten dereito á educación [...] e que esta se dirixirá ao pleno desenvolvemento da personalidade e a fortalecer o respecto aos dereitos humanos e ás liberdades fundamentais [...]".
- O Informe da UNESCO "Educación 2030 - Declaración de Incheon" establece, como unha das metas no marco de acción para a realización do obxectivo 4, asegurar que todo o alumnado adquira os coñecementos teóricos e prácticos necesarios para promover o desenvolvemento sostible, entre outras cousas mediante a educación para o desenvolvemento e estilos de vida sostible, os dereitos humanos, a igualdade de xénero, a promoción dunha cultura de paz e



non violencia, a cidadanía mundial e a valoración da diversidade cultural e a contribución da cultura ao desenvolvemento sostible.

- A Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, afirma que a educación debe fomentar a convivencia democrática e o respecto ás diferenzas individuais, promover a solidariedade e evitar a discriminación, co obxectivo fundamental de lograr a necesaria cohesión social. Deste xeito, o artigo 1, apartado k) di o seguinte:

A educación para a convivencia, o respecto, a prevención de conflitos e a resolución pacífica destes, así como para a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, e, en especial, no do acoso escolar e ciberacoso co fin de axudar o alumnado a recoñecer toda forma de maltrato, abuso sexual, violencia ou discriminación e reaccionar fronte a ela.

Tamén destacar o artigo 124 onde as Administracións educativas regularán os requisitos e as funcións que deberán desempeñar as persoas que exerzan a figura da coordinadora ou coordinador do benestar e protección, como parte dos mecanismos de garantía para aquelas persoas que poidan verse afectadas por situacións que alteren as súas condicións de benestar, seguridade e protección.

- Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia (LOPVI), que no capítulo IV, desenvolve diversas medidas de prevención e detección precoz da violencia nos centros educativos que se consideran imprescindibles ao ter en conta que se trata dunha contorna de socialización central na vida das nenas, nenos e adolescentes. É nesta lei onde se constitúe a figura da coordinadora ou coordinador de benestar e protección, en todos os centros educativos.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, que define a convivencia escolar como a *capacidade que*



teñen as persoas de vivir con outras nun marco de respecto mutuo e de solidariedade recíproca, expresada na interrelación harmoniosa e sen violencia entre os diferentes actores e estamentos da comunidade educativa. Ten un enfoque formativo, ao tratarse dunha aprendizaxe enmarcada en obxectivos fundamentais e transversais e, pola súa vez, é unha responsabilidade compartida por toda a comunidade educativa.

- O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, fai referencia a que a escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, debe asegurar a súa non-discriminación e a igualdade efectiva no acceso e permanencia no sistema educativo ordinario.
- A Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que a consideración da diversidade como un valor significa non só valorar as diferenzas, senón tamén aproveitar todas as potencialidades de cada persoa para que todas e cada unha se sintan plenamente incluídas e conten cos espazos de participación e desenvolvemento a que a súa condición humana lles dá dereito. E isto pode facerse nun sistema educativo que promova que cada centro docente deseñe e desenvolva un proxecto educativo propio, guiado polos valores da inclusión, a igualdade, a colaboración e a calidade, entre outros.

Con todo, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, co fin de recoñecer o esforzo realizado polos centros educativos na mellora da convivencia e do benestar emocional, convoca o **II Premio ConVivimos 2024 de convivencia e benestar emocional**, para recoñecer aquelas actuacións e proxectos de



carácter individual e/ou colectivo que implicaran un alto grao de compromiso coa mellora da citada convivencia escolar e benestar emocional. Este premio forma parte da Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2025 estando financiado polo Ministerio de Educación e Formación Profesional a través do *Programa de Bienestar Emocional en el ámbito educativo*.

De acordo co anteriormente exposto,

RESOLVO:

Apartado 1. Obxecto e ámbito de aplicación

Esta resolución ten por obxecto establecer as bases de participación e convocar o ***Premio ConVivimos 2024 de convivencia e benestar emocional*** para os centros docentes públicos dependentes desta consellería durante o curso escolar 2023/2024.

Apartado 2. Categorías de participación

Os centros presentarán as solicitudes ás seguintes categorías:

- **Categoría A:** destinada a educación infantil e educación primaria.
- **Categoría B:** destinada a educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional, formación de persoas adultas e ensinanzas de réxime especial.

Cada unha das categorías comprende aqueles centros que integran as ensinanzas indicadas: colexios rurais agrupados, escolas de educación infantil, aulas hospitalarias, centros de educación especial, colexios de educación infantil e primaria, colexios de educación primaria, centros públicos integrados, institutos de educación secundaria, centros integrados de formación profesional, centros públicos de formación e promoción de adultos e centros nos que se impartan as ensinanzas de réxime especial.



Apartado 3. Recoñecemento, premios e dotación económica.

- 1 O importe total destinado para esta convocatoria será de 18.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 20243703423B640.4 da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, dos orzamentos de 2024.
- 2 A distribución dos premios e os importes figuran na seguinte táboa:

Categorías	Premio	Importe
A	1º premio	5.000€
	2º premio	2.500€
	3º premio	1.000€
	Mención de honra	500 €
B	1º premio	5.000€
	2º premio	2.500€
	3º premio	1.000€
	Mención de honra	500 €

- 3 A comisión poderá declarar deserto algún premio. Con carácter excepcional, e por acordo motivado, a comisión de selección poderá determinar a redistribución da contía de premios declarados desertos entre o resto dos premiados en calquera modalidade, submodalidade e/ou categoría.
- 4 Este premio é compatible coa concesión de calquera outro do que sexan beneficiarios os centros ou persoas participantes.

Apartado 4. Documentación

Para participar nesta convocatoria, cada centro docente deberá presentar a seguinte documentación:

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL
Complexo Administrativo San Caetano
Edificio número 2; Andar 2º
15781 Santiago de Compostela
981 546 503
dxoie@xunta.gal / www.edu.xunta.gal



- 1 Modelo de solicitude segundo o **Anexo III**.
- 2 Memoria descriptiva segundo o modelo proposto no **Anexo I**.

A memoria redactarase en lingua galega, tipografía arial 11, entreliñado 1,5 e ocupará unha extensión máxima de 20 páxinas numeradas incluídos portada, índice e anexos, se os houber. Poderanse incluír fotografías e gráficos formato PNG ou JPG.

A memoria deberá presentarse en PDF e a súa capacidade máxima será de 5 Mb. Se se inclúe algunha ligazón, o seu contido será valorado unicamente se constitúe unha evidencia gráfica da información incluída na redacción da memoria.

No caso de que se inclúan imaxes de menores, aportarase a certificación que figura no **Anexo IV** de que o centro conta con autorización para o uso desas imaxes asinada polo alumnado, a partir dos 14 anos, ou polas persoas representantes legais, no caso de alumnado cunha idade inferior. Este documento será asinado pola persoa responsable da dirección do centro.

Apartado 5. Prazo e forma de presentación das solicitudes e documentación

- 1 O prazo de presentación de solicitudes e documentación será de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución na web da consellería (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>).
- 2 As solicitudes xunto coa documentación indicada no apartado 4, dirixiranse á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos na Sede Electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> a través do formulario correspondente ao procedemento de presentación electrónica de solicitudes, escritos e



comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado (código PR004A). Poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/tramitese-servizos/chave365>).

- 3 Cada centro presentará unha única solicitude.

Apartado 6. Comisión de selección

- 1 A comisión de selección estará formada por:
 - a Presidencia: a persoa titular da subdirección xeral de Inclusión e Innovación Educativa, ou persoa en quen delegue.
 - b Vogais: a persoa responsable da xefatura de servizo de Inclusión, Orientación e Convivencia; unha persoa da Inspección Educativa; un membro dos Equipos de Orientación Específicos; dúas persoas asesoras do servizo de Inclusión, Orientación e Convivencia, unha delas actuará como secretaria.
- 2 A comisión terá facultades para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das bases desta convocatoria.
- 3 Para a valoración das candidaturas, a comisión de selección poderá requirir aos solicitantes cantos documentos e aclaracións considere necesarios, visitas ao centro e a defensa pública da súa memoria descritiva.
- 4 A presidencia poderá convocar ás reunións da comisión, con voz pero sen voto, ás persoas expertas que estime conveniente para o asesoramento da mesma.
- 5 A comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica especializada para os efectos de colaborar na valoración das candidaturas achegadas e na baremación.



- 6 A percepción de asistencias destas comisións atenderá á categoría correspondente segundo o disposto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia, modificado polo Decreto 144/2008, do 26 de xuño e polo Decreto 96/2011, do 5 de maio.

Apartado 7. Criterios de valoración

Para a valoración das candidaturas consideraranse o baremo contido no **Anexo II**.

Apartado 8. Resolución

- 1 A comisión de selección, unha vez avaliadas as solicitudes presentadas, emitirá unha proposta de resolución de concesión de premios que trasladará a directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa, quen ditará resolución.
- 2 A resolución de concesión de premios, na que se incluírán os centros e o importe do premio asignado a cada un deles, publicarase no portal educativo <http://www.edu.xunta.gal>
- 3 O prazo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións desta resolución será de cinco meses, e comezará a contar desde o día seguinte á data de remate do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido este prazo sen que se dite resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.
- 4 Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas afectadas poderán interpor recurso de alzada perante o conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación na web desta consellería, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



Apartado 9. Recoñecemento e certificación

O profesorado implicado recibirá unha certificación de premio de innovación educativa cunha equivalencia de 30 horas de formación permanente do profesorado para a persoa coordinadora e 20 horas para o profesorado participante.

Apartado 10. Pagamento dos premios

O pagamento do importe correspondente aos premios farase en base ao seguinte procedemento:

1. As contías asignadas por estes premios serán transferidas aos centros nun único pagamento, no período correspondente ao exercicio económico 2024.
2. O importe concedido a cada centro premiado deberá destinarse a sufragar gastos que estean debidamente xustificadas e imputables á participación do centro no II Premio ConVivimos 2024 de convivencia e benestar emocional.
3. Os centros xustificarán os gastos de acordo co establecido no Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios e na orde de 12 de xaneiro de 1988, pola que se regula a aprobación e xustificación de gastos de funcionamento dos centros docentes públicos non universitarios, no que non se opoña ao mesmo segundo establece a disposición transitoria do mencionado decreto. A xustificación consiste na presentación da xestión do orzamento referida ao 31 de decembro de 2024, informada polo Consello Escolar ou Consello Social do centro e aprobada polo/a director/a mediante o anexo a) segundo o modelo facilitado pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

Apartado 11. Difusión das boas prácticas

A presentación a esta convocatoria implicará o compromiso dos centros premiados na participación nas accións de difusión, así como a cesión a favor da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional dos permisos de difusión



dos materiais educativos relacionados co desenvolvemento das prácticas de convivencia escolar.

No caso de que os/as autores/as decidisen publicar os traballos premiados por outras vías, deberán solicitar o permiso correspondente á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa. De ser a resposta positiva, na publicación deberá constar expresamente o premio concedido.

Apartado 12. Aceptación das bases

A participación nesta convocatoria supón a aceptación expresa das presentes bases reguladoras.

Apartado 13. Información básica sobre protección de datos de carácter persoal

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento.
2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e a norma que a desenvolve, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.
3. A sinatura e presentación da solicitude implica o consentimento para o tratamento dos datos persoais.
4. A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.



5. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

6. No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Santiago de Compostela

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Judith Fernández Novoa



Anexo I

Memoria descriptiva

PORTADA (número máximo de páxinas 1)

Terá que incluír os seguintes datos de xeito obrigatorio:

- Título.
- Categoría de participación.
- Código do centro.
- Nome do centro, concello e provincia.

ÍNDICE (número máximo de páxinas 1)

Terá que estar paxinado.

1. CONTEXTO SOCIOEDUCATIVO DO CENTRO (número máximo de páxinas 2)

Neste apartado describirase o contexto socioeducativo que xustifica o desenvolvemento das accións levadas a cabo para o fomento da convivencia e do benestar emocional da comunidade educativa.

Poderá incluír os seguintes datos:

- Historia do centro e da súa contorna.
- Número de grupos e alumnado e persoal que presta os seus servizos no centro educativo.
- Participación en plans, programas e proxectos de convivencia que se estean a desenvolver, o xa se desenvolveran, nos últimos cursos con especial fincapé nos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
- Breve descrición e porcentaxe de profesorado e, de ser o caso, alumnado ou outros membros da comunidade educativa ou da contorna que estea a desenvolver ou desenvolvera accións que favorezan a convivencia escolar positiva.



2. AVALIACIÓN INICIAL OU PUNTO DE PARTIDA

Avaliación inicial da situación que se pode facer a través dunha análise DAFO ou ben unha detección das necesidades mediante outra metodoloxía.

De ser o caso, tamén se salientarán neste punto, a efectos de contextualización, as actuacións realizadas nos cinco cursos inmediatamente anteriores coa repercusión das mesmas na comunidade educativa en todo o relativo á convivencia e benestar emocional.

3. DESCRICIÓN MEMORIA DO PROXECTO DESENVOLVIDO NO CURSO 2023/24

Neste apartado describirase o proxecto ou o conxunto de actuacións realizadas no ámbito da convivencia e do benestar emocional e levadas a cabo no curso 2023/24.

Os puntos que se deberán incluír son os seguintes:

- Título.
- Obxectivo ou obxectivos.
- Descrición das actuacións. Suxírense a efectos meramente orientativos:
 - Accións, procedementos e recursos (presenciais e/ou virtuais) empregados para desenvolver o proxecto, sinalando os ámbitos onde se traballou: coñecemento doutras realidades, participación da comunidade escolar, creación de materiais (tanto virtuais como funxibles...).
 - Actuacións que impulsen a accesibilidade universal de contornas, ferramentas e programas educativos, así como a promoción de iniciativas encamiñadas a desenvolver a participación efectiva do alumnado no funcionamento da aula e da vida no centro.
 - Descrición dos cambios que, a nivel organizativo, pedagóxico e programático se adoptaron no centro e/ou na aula para o desenvolvemento da convivencia positiva e do benestar emocional.



- Vinculación do proxecto presentado coas actuacións recollidas no plan xeral de atención á diversidade, proxecto educativo, plan de convivencia, plan de acollida, etc.
- Cronograma do conxunto das actuacións realizadas no marco do proxecto presentado.
- Descrición da implicación da comunidade educativa e contorna do centro nas actuacións levadas a cabo: do profesorado, do alumnado, das familias, doutro persoal e instancias externas ao centro (institucións e entidades colaboradoras) que participaron na súa planificación e/ou desenvolvemento. Relación completa do profesorado participante, indicando nivel educativo, cargo e responsabilidade nas actuacións ou actuacións, se procede.
- Repercusión na comunidade educativa (claustro, familias, concello, ONG, asociacións, etc.) das actuacións levadas a cabo pola candidatura proposta.
- Avaliación dos resultados acadados co desenvolvemento do proxecto. Incluíranse os indicadores utilizados para medir estes resultados.
- Propostas de mellora para o futuro partindo do traballo realizado.
- Accións de difusión e visibilidade planificadas e realizadas das actuacións levadas a cabo dentro do proxecto. Pódense destacar neste punto: a presenza nos medios de comunicación, nas redes sociais, publicacións, exposicións, etc. Para elo xuntaranse as ligazóns e outras evidencias que se consideren oportunas.



Anexo II

Baremo

1. Pola promoción ou incorporación na candidatura dos aspectos que se detallan a continuación, ata 40 puntos.

	a) O cronograma do conxunto das actuacións realizadas no marco do proxecto é claro, concreto e realista. Está baseado nos obxectivos traballados en cada unha das accións propostas e amosa unha correcta planificación.	Ata 5 puntos
	b) Os obxectivos acadados polo centro son sostibles ao longo do tempo e están baseados nunha estrutura técnica e organizativa.	Ata 10 puntos
	c) O proxecto inclúe accións de desenvolvemento directamente vinculadas á mellora da convivencia e benestar emocional, prestando especial atención a iniciativas que impulsen a accesibilidade universal de contornas, ferramentas e programas educativos, a personalización da aprendizaxe a través do DUA (Deseño Universal de Aprendizaxe) e de metodoloxías activas, colaborativas e cooperativas.	Ata 10 puntos
	d) A presentación de propostas de actuación para o futuro como consecuencia do traballo realizado considérase axeitada, posible e realista.	Ata 5 puntos
	e) O proxecto contribúe con medidas innovadoras á cultura da convivencia escolar e benestar emocional, así como á mellora da calidade educativa.	Ata 10 puntos
2. Polo impacto positivo na comunidade educativa, ata 20 puntos.		



	<p>a) Os instrumentos de avaliación e os indicadores que permiten valorar a mellora que se produciu no centro ou na aula en actuacións que favorecen a convivencia e o benestar emocional de xeito obxectivo, claro e medible.</p>	<p>Ata 10 puntos</p>
	<p>b) Nivel de implicación dos membros do claustro e/ou demais integrantes da comunidade educativa (familias, institucións, concello etc.) e repercusión no contexto social próximo.</p>	<p>Ata 10 puntos</p>
<p>3. Pola relación do proxecto presentado cos principais documentos do centro: plan xeral de atención á diversidade, proxecto educativo, plan de convivencia, plan de acollida e outros. Ata 10 puntos.</p>		
<p>4. Pola transferibilidade ou posibilidade de réplica noutros centros de características similares co obxecto de que sirva de modelo para desenvolver políticas, iniciativas e actuacións relacionadas coa convivencia e benestar emocional noutros centros docentes. Ata 10 puntos.</p>		
<p>5. Pola correcta planificación da difusión do proxecto e dos seus resultados a través da web do centro docente, da plataforma virtual, medios de comunicación, redes sociais, xornadas de difusión, publicacións, exposicións, etc. entre os diferentes sectores da comunidade educativa e entre o colectivo docente. Ata 10 puntos.</p>		
<p>6. Pola participación en programas e proxectos relacionados coa convivencia escolar e/ou benestar emocional desta consellería. 1 por programa ata un máximo de 5 puntos.</p>		
<p>7. Por premios de convivencia escolar e/ou benestar emocional de ámbito autonómico, nacional ou internacional convocados pola administración educativa correspondente. 0,5 puntos por premio ata un máximo de 2,5 puntos.</p>		
<p>8. Polo desenvolvemento de un o máis Plans de Formación Permanente do Profesorado</p>		



(PFPP) que teñan relación directa coa convivencia escolar e/ou bienestar emocional tratando temáticas como: a abordaxe do acoso escolar e/ou ciberacoso, titoría entre iguais, programas de mediación escolar, apoio condutual positivo, prevención do absentismo escolar e outras relacionadas, bienestar emocional, saúde mental....0,5 puntos por premio ata un máximo de 2,5 puntos.



Anexo III Modelo de solicitude

PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
II Premio ConVivimos 2024 de convivencia e benestar emocional	SOLICITUDE

CATEGORÍA POLA QUE SE PRESENTA (marque o que corresponda)	
<input type="checkbox"/>	Categoría A
<input type="checkbox"/>	Categoría B

DATOS DO CENTRO SOLICITANTE					
Centro educativo		Código de centro		NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>	
Tipo de vía	Nome da vía	Número	Bloque	Andar	Porta
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Parroquia		Lugar		Concello	
<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>	
Provincia		Localidade		CP	
<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>	
Teléfono		Teléfono móbil		Correo electrónico	
<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>	

DATOS DA PERSOA DIRECTORA DO CENTRO			
Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
En calidade de			
<input type="text"/>			

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA
<input type="checkbox"/> Solicitude (anexo III)
<input type="checkbox"/> Memoria descriptiva (anexo I)
<input type="checkbox"/> Certificación de que o centro conta con autorización para o uso das imaxes dos e das menores participantes (anexo IV)
<input type="checkbox"/> Certificación na que figuren os datos (nome, apelidos e DNI) das persoas docentes que desenvolveron e presentan o proxecto



INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade á que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que se derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá. O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Lexitimación para o tratamento	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Persoas destinatarias dos datos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Exercicio de dereitos	
Contacto delegado de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais

Actualización normativa: no caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 16 de xullo de 2024 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se convoca o II Premio ConVivimos 2024 de convivencia e benestar emocional para os centros docentes públicos dependentes desta consellería durante o curso escolar 2023/24

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

<input type="text"/>	,	<input type="text"/>	de	<input type="text"/>	de	<input type="text"/>
----------------------	---	----------------------	----	----------------------	----	----------------------

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa



Anexo IV

Autorización para o uso de imaxe de menores

Don/Dona

Nome

Primeiro apelido

Segundo apelido

NIF

Como persoa responsable da dirección do centro

con código , declaro baixo a miña responsabilidade que o centro conta coa autorización para o uso das imaxes do alumnado maior de 14 anos firmada polo mesmo ou polos seus titores legais no caso de que non cumpran dita idade.

Sinatura da persoa responsable da dirección do centro

Lugar e data

de

de

